



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

Asunto: Elección Xuíz de Paz titular de Camariñas

De conformidade co disposto nos art. 99 e seguintes da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, de Xuíces de Paz, acordouse iniciar o procedemento para a elección do Xuíz de Paz titular de Camariñas.

Requisitos dos aspirantes:

- A) Ser español.
- B) Maior de dezoito anos.
- C) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas pola Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial. Estando incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial.
- D) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas pola Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- E) Non estar condenado por delito doloso en tanto non obtiveran a rehabilitación.
- F) Non estar procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobreseimento.
- G) Estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Presentación de instancias:

Os/as interesados/as presentarán a correspondente instancia, dirixida á Alcaldía, no Rexistro Xeral das oficinas municipais en horario de atención ao público, no Rexistro telemático (sede electrónica), ou de calquera dos xeitos que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Á citada instancia achegarase a seguinte documentación:

- A) Copia do DNI.
- B) Certificación de antecedentes penais do Rexistro central de penados e rebeldes e declaración de non estar inculpado/a procesado/a conforme ao art. 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá.
- C) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade ou compromiso de cesar no exercicio da actividade da que se derive a incompatibilidade.
- D) Declaración de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- E) Xustificación de méritos que aleguen.
- F) Indicación da profesión actual.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe
A alcaldesa,
Sandra Insua Rial